

1. Derrogación da reforma laboral e das contrarreformas das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.
2. Revalorización anual das pensións, como mínimo coa evolución do IPC.
3. Pensión mínima do mesmo importe que o Salario Mínimo Interprofesional.
4. Eliminación das desgravacións fiscais nos plans privados de pensións.
5. Xubilación ordinaria aos 65 anos e voluntaria ao cumprir 35 anos de cotización.
6. Establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación nas profesións de maior penosidade.
7. Fin das bonificacións e descontos para o empresariado nas cotizacións. Supresión do límite máximo de cotización para os salarios máis altos.

Pola recuperación dos nosos dereitos

**Defendamos
unhas pensións
públicas e dignas**



Confederación Intersindical Galega
www.cig.gal



**Que non rouben
as nosas pensións!!!**

Contra a pobreza e a precariedade



Confederación Intersindical Galega
www.cig.gal



Que non rouben as nosas pensións Non creas as súas mentiras

Non falta diñeiro, sobran ladróns

- As pensións públicas son o único dereito que non supón un gasto para o Estado. Son autofinanciadas polas cotizacións. E, de feito, sobran recursos para asumilas. O Estado español soporta un menor peso das pensións que Portugal ou Grecia, e menos que o resto dos países da UE.
- Contrariamente, o Estado ingresa diñeiro polas pensións. Aproximadamente 9000 millóns de euros cada ano, procedente do IRPF que lle descontan aos e ás pensionistas. Pero este diñeiro non se devolve para as pensións.
- Se non chegase coas cotizacións, poderían ser complementadas polos orzamentos do Estado como gasto ordinario. Mentres nos menten, gastan miles de millóns en armamento para o Exército, Casa Real, Igrexa católica, e outros gastos parasitarios.
- O PP aprobou unha reforma do imposto de sociedades que favorece só as grandes empresas. Permite que os bancos, que nos últimos 10 anos obtiveron un beneficio de 84 mil millóns de euros, non só non pagasen nada a Facenda, senón que lles devolven 164 millóns. Sen esta reforma deberían ter pagado máis de 8 mil millóns de euros.
- O Goberno permite que os salarios superiores a 3.500 euros ao mes non coticen máis a partir desta

cantidade. Favorecen os ricos, executivos das empresas, deixando de ingresar na Seguridade Social uns 2.000 millóns de euros cada ano.

- A agresividade destes gobernos coa clase traballadora, que somos quen creamos a riqueza existente, contrasta coa indulxencia cara os capitalistas.

Impor as pensións privadas para favorecer o grande capital

- Os gobernos do PSOE e do PP favoreceron as grandes empresas e a banca potenciando o negocio das pensións privadas. No ano 2000, había 3,5 millóns de pensións privadas, no 2017 eran xa 8 millóns.
- As desgravacións fiscais aos plans privados de pensións representan unha perda de 4300 millóns de euros ao ano, que deixa de ingresar o Estado. Eses cartos tamén deberían valer para sufragar as pensións.

Baixos salarios e precariedade empobrecen as pensións

- En 2011, cun número similar de cotizantes ao de 2017, a Seguridade Social obtivo 2.300 millóns de euros de superávit. Porén, no 2017, ingresáronse 8.900 millóns de euros menos. Por que?

- Coa reforma laboral do PP en 2012 facilítase que as empresas baixen os salarios e que se multipliquen os contratos a tempo parcial e temporal. Aínda por riba, o Goberno subvenciona estes contratos precarios nunha cifra superior a 2.300 millóns de euros ao ano, cando debería penalizalos.

As mulleres, aínda máis prexudicadas

- No caso das pensións, as mulleres son as máis prexudicadas, por teren unha vida laboral máis precaria e con importantes lagoas de cotización. Isto, xunto ás altas taxas de feminización das pensións non contributivas, fai que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos estea baixo a liña da pobreza.

Lexislan para empobrecer as pensións

- A única posibilidade de termos pensións dignas pasa pola derogación das reformas feitas polo PSOE e polo PP.
- En 2011, o PSOE, co apoio de CC.OO. e UGT, incrementou de 15 a 25 anos os anos de cálculo das pensións, aumentando a idade de xubilación dos 65 ao 67 anos. Foi a CIG quen rexeitou, en solitario, esta reforma mediante unha folga xeral. En 1997, CC.OO. e UGT xa pactaran co PP elevar de 8 a 15 os anos para calcular a pensión.
- En 2013, o PP eliminou a Lei que establecía o IPC para o cálculo do incremento das pensións, impondo desde entón unha suba de só o 0,25%. Apróbese a aplicación a partir do 2019 do chamado “factor de sus-

tentabilidade”, xa introducido nas reformas anteriores, en base ás mentiras sobre a esperanza de vida. Isto supón unha nova rebaixa para as pensións futuras. En cada ano se lles descontará entre o 0,7% e o 0,9%. Por exemplo: quen se xubile dentro de 10 anos perderá na cuantía da pensión entre o 7% e o 9%

Pensións dignas na nosa terra!

- Preto do 65% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo e seguen medrando as diferenzas, como o demostra que as pensións na Galiza estean máis de 15 puntos por baixo da pensión media do Estado español.
- A pobreza dos salarios non crea emprego nin fai a economía máis competitiva. Crea emigración e pobreza. En Galiza, sempre con salarios máis baixos e por conseguinte coas pensións máis baixas, nunca tivemos máis emprego nin menor precariedade. Pensemos que cifra de desemprego teríamos se toda a nosa xente emigrada estivese aquí: sería superior ao 40%.

Unha loita de toda a clase traballadora

- Que pensións teremos no futuro, con menos anos cotizados e contratos temporais e parciais? A pobreza será absoluta.
- A defensa dunhas pensións públicas dignas é unha loita de toda a clase traballadora. Temos que plantarlles cara e defendernos, vencer as reformas laborais e acadarmos unhas condicións de traballo e de vida dignas.

Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas